

V CARREIRA SOLIDARIA DA PISCINA MUNICIPAL DE MUROS - REGULAMENTO -

1. DATOS XERAIS

- A Concellería de Deportes a través da Piscina Municipal de Muros organiza o domingo 11 de setembro a V Carreira Solidaria da Piscina Municipal de Muros. As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN

CATEGORÍA	NACEMENTO
Chupete	2012 e posteriores
Prebenxamín	2009, 2010 e 2011
Benxamín	2007 e 2008
Alevín	2005 e 2006
Infantil	2003 e 2004
Cadete	2001 e 2002
Xuvenil	1999 e 2000
Sénior	1998 e ata veteranos
Veteranos 1	De 35 a 40 anos cumpridos no día da proba
Veteranos 2	De 41 a 49 anos cumpridos no día da proba
Veteranos 3	De 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba
Veteranos 4	A partir de 60 anos de idade
Andaina	Todas as idades

3. HORARIOS, SAÍDAS E DISTANCIAS

CATEGORÍA	HORA	DISTANCIA
Andaina	10.00 h	5500 m aprox.
Infantil e cadete	10.30 h	2300 m
Saída 1: Sénior, veterano e xuvenil	11.00 h	8000 m aprox.
Saída 2: Sénior, veterano e xuvenil	11.15 h (aprox.)	5500 m aprox.
Prebenxamín	12.00 h	200 m
Benxamín	12.15 h	600 m
Alevín	12.30 h	1000 m
Chupete	12.45 h	50 m

4. INSCRICIÓNS

- O prazo límite de inscricións **será o mércores 7 de setembro ás 23.59 h**, non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin o día da proba.
- As inscricións faranse a través da web www.emesports.es, excepto para a andaina que tamén se poderán facer nas oficinas da Piscina Municipal de Muros.
- Na plataforma de inscrición as persoas participantes (xuvenil, sénior e veterano) poderán seleccionar a distancia na que desexan participar, 8000 m ou 5500 m.
- A saída na distancia larga (8000 m) será ás 11.00 h e unha vez que pase a última persoa clasificada pola zona da rotonda do parque empresarial darase saída á proba da distancia curta (5500 m) que calculamos que será sobre as 11.15 h.
- Useranse distintos dorsais para diferenciar as persoas participantes da distancia longa das dea distancia curta.
- O custo da inscrición nas categorías andaina, sénior e veterano será de:
 - Ata as 23.59 h do 31/08/2016: **5,00 €**
 - A partir do 01/09/2016 e ata o 07/09/2016: **7,00 €**
- O custo da inscrición nas categorías menores e os/as menores na andaina será de: **1,00 €**.

5. LUGAR E RECOLLIDA DE DORSAIS

- Piscina Municipal de Muros (Soborribas, s/n Serres).
- SÁBADO 10 de setembro dende as 9.00 h ás 13.00 h.
- DOMINGO 11 de setembro dende as 8.30 h ata 1 hora antes do inicio da carreira absoluta.

6. LUGAR DE SAÍDA E META

- Dende a Piscina Municipal de Muros.

7. PECHE DE CONTROL DA PROBA ABSOLUTA

- Ás 12:00 horas.

8. SERVIZO DE DUCHAS

- Piscina Municipal de Muros.

9. AVITUALLAMENTO DE META

- Proporcionarase auga e avituallamento sólido a todas as persoas participantes en cada unha das categorías no punto de avituallamento que estará situado nun lugar visible despois da meta.

10. COLOCACIÓN PÚBLICA DAS CLASIFICACIÓNS

- Anunciarase por megafonía a situación e o momento no que as clasificacións de cada carreira estean colocadas ao público. As reclamacións aos resultados oficiais deberán realizarse non máis tarde de 30' despois da publicación destes.

11. ENTREGA DOS PREMIOS

- Horario: 13.00 h.
- Lugar: Piscina Municipal de Muros.
- Premios:
 - Categorías menores:
 - Medallas a todas as persoas participantes das categorías chupete, prebenxamín, benxamín e alevín.
 - Haberá premios para os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría e sexo a partir da categoría prebenxamín.

- Xeral:

Na proba con distancia de 8000 m por categorías e sexos (xuvenil, sénior e veterano 1, 2, 3 e 4, NON ACUMULATIVOS) para:

- 1º clasificado/a.
- 2º clasificado/a.
- 3º clasificado/a.

Na proba con distancia de 5500 m por sexos para:

- 1º clasificado/a.
- 2º clasificado/a.
- 3º clasificado/a.

- Premios especiais:

- 1º clasificado do Concello de Muros.
- 1º clasificada do Concello de Muros.

- Participante de maior idade.
- Club/asociación/centro de ensino/grupo con máis representantes que cheguen á meta (mínimo 5 participantes). Para poder recibir o premio nesta modalidade deberase facer constar o nome do club/asociación/centro de ensino/peña no momento da inscrición.
- Os/as atletas premiados/as deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento en que por megafonía se anuncie o inicio desta, así como estar pendentes do momento en que se chame a cada unha das categorías.
- Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo.
- Os premios non serán acumulables.
- Para optar á participación por club, grupo, asociación... os/as atletas deberán realizar a súa inscrición individualmente e posteriormente deberán enviar por correo electrónico ao enderezo piscinamunicipaldemuros@gmail.com un listado detallando os membros computables ao efecto.
- Agradecemos ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o/a atleta non estea presente, o comunique na zona de premios, para evitar esperas innecesarias.
- Exclusivamente poderán subir ao podio os/as atletas premiados/as.
- Para aqueles que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega, deberán poñerse en contacto coa Concellería de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude durante un prazo máximo de 15 días onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

13. MEDIOS DE CONTACTO

- Piscina Municipal de Muros (Soborribas, s/n 15259 Serres) no seu horario habitual.
- Por correo-e ao seguinte enderezo: piscinamunicipaldemuros@gmail.com
- Teléfonos de información: 981 826 966 ou 981 762 294

Todo o non recollido neste regulamento rexerese pola normativa para probas en ruta da FGA e RFEA en vigor.

13. PALMARÉS NA PROBA ABSOLUTA (ÚLTIMOS 2 ANOS)

	1º clasificada/o	2º clasificada/o	3º clasificada/o
	2014		
FEMININO	Raquel Suárez Pedrosa	Priscila Suárez Méndez	Marinela Mayo Caamaño
MASCULINO	Roberto Caneda Guede	Manuel Dosil Lago	Ángel Maceiras Lago
	2015		
FEMININO	Tina M. Fernández Barreiros	Carla Penabad García	Tina Formoso Noceda
MASCULINO	Manuel Dosil Lago	Pablo Monteagudo Lago	Pedro Traba Caamaño